

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: TABOLEIRO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CARRAL

EXPEDIENTE: 2023/G003/000564

Logo de ver o capítulo quinto, artigo 17 da Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal do Concello de Carral:

“Artigo 17: . Taboleiro de anuncios electrónico

1. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, se houbesen de publicar no taboleiro de anuncios municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico.

2. O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán ou cidadá.


3. O taboleiro de anuncios publicarase na sede electrónica do Concello, e poderase consultar desde as terminais instaladas nel e noutros puntos de acceso que se determinen. Disporá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do contido, de acordo co artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O taboleiro de anuncios electrónico estará dispoñible todos os días do ano e durante as vinte e catro horas do día. Cando por razóns técnicas se prevexa que o taboleiro pode non estar operativo, deberase anunciar ás persoas usuarios coa máxima antelación posible, indicando os medios alternativos dispoñibles.”

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 LRBRL, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro.-Que, dende a data de sinatura desde decreto, se proceda á publicación na sede electrónica (<https://sede@carral.es>), que substituirá a publicación no taboleiro de anuncios presencial, que se manterá de forma complementaria ao taboleiro de anuncios electrónico.

O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O taboleiro de anuncios electrónico publicarase na sede electrónica do Concello.

O taboleiro de anuncios electrónico disporá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

Segundo.- Comunicar á Deputación Provincial da Coruña os usuarios, do Concello de Carral, autorizados para a publicación no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica.

Terceiro.- Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice e dar publicidade na Web municipal e no taboleiro de anuncios presencial municipal a efectos meramente informativos

Concello de Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto, e aos únicos efectos de fé pública (Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo) dou fe

A SECRETARIA

Rebeca Vázquez Vázquez